

# Precisamos a **COLABORACIÓN** na retirada dos niños primarios de Vespa Velutina



## MEDIDAS



6cm

4cm

**Solicitase a revisión de galpóns, garaxes,  
porches  
e aleiros de tellados.  
Estes son os lugares avituais onde crean os  
niños  
as rañas de Vespa Velutina.  
Os niños son de cor castaño pardo e por  
cada un que**

**se retire evítanse 50 no ano seguinte.**  
**Para a retirada dos niños avisen ao 112, ao**  
**Concello**  
**ou sigan os consellos na páxina**  
**[www.asneves.gal](http://www.asneves.gal).**  
**LOCALIZADO O NIÑO PRIMARIO DE VESPA**  
**VELUTINA**

- ✓ Realizarse a captura cara ao anoitecer, de noite ou ao amencer, para asegurarnos de que a raíña está dentro do niño.
- ✓ Para matar á vespa raíña e ás larvas utilizar unha botella de plástico de 1,5 litros de auga, cortada pola boca. Aplicar no seu interior un insecticida -Zapi Garden, Diptron ou solucións caseiras indicadas para as trampas- e colocar a botella rodeando ao niño; esperar 40 segundos para que o insecticida mate á raíña e ás larvas e retirar a raíña.

## **TRAMPEO DE RAÍÑAS EN PRIMAVERA**

### **ONDE COLOCAR AS TRAMPAS**

As trampas instalaranse nos meses de primavera, situaranse a unha altura de 1,5 metros nas seguintes zonas:

#### **1. MELLOR EN:**

- Nun radio de 150-200 metros dos niños do ciclo anterior (xa que a hibernación e a construción de novos niños adoita realizarse aí.
- Arbores en flor: camelias, plantas ornamentais, froiteiras...
- Arbores que poidan ter pole ou pulgón: por exemplo o salgueiro.
- Nas proximidades dos galpóns onde se garda o material do apicultor.

#### **2. TAMÉN:**

- Nun radio de 100 metros dos apiarios.

#### **3. NUNCA NO COLMENAR EN PRIMAVERA**



Na medida do posible a trampa iniciarase cunha néspera conxelada, a poder ser raíña, que atraerá aos seus conxéneres por efecto das

feromonas e fará de repelente para as abellas. Despois meter as novas raíñas collidas as seguintes veces e poñer algo para que non se afogue.

## **LÍQUIDO PARA AS TRAMPAS**

### **1. LÍQUIDO COMERCIAL**

10ml de atraínte + 200ml auga + 50g azucre (se entran abellas reducir a 25g)

### **2. LÍQUIDO ALTERNATIVO OU CASEIRO**

- ➔ Auga quente (1l) + mel (1/2l) + vinagre (1 culler de sopa) + alcol (2 culleres de sopa)
- ➔ Cervexa negra (1 vaso) + viño branco (1 vaso) + azucre ou mel (1 culler de postre)
- ➔ Cadros vellos de cera quentados en auga ou auga de derreter cera
- ➔ Viño branco (1 vaso) + xirope de arándanos (1 cullerada)

## **SUSTITUCIÓN DO LÍQUIDO**

A frecuencia coa que substituir o líquido empregado como cebo variará pero +- cada 2 ou 3 semanas.